

PROPOSTA DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TEO

O Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís municipais do concello de Teo (en adiante EIMs) foi publicado no BOP do 7 de decembro de 2015.

Este regulamento foi redactado pensando en que o servizo de Escolas infantís municipais ía ser prestado polo concello de Teo de forma externa, mediante concesión a unha empresa privada.

A posibilidade de que o concello de Teo asuma, previos os trámites que proceda, a xestión directa do servizo, obriga a modificar o citado Regulamento de xeito que se adapte tamén, e non de forma excluínente, a esta posibilidade.

Aos efectos do previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), hai que ter en conta que o vixente Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo foi aprobado no ano 2015, resultando polo tanto preciso de acordo co exposto a súa revisión e actualización, podéndose entender que a modificación do Regulamento que agora se propón regula aspectos parciais desta materia previamente regulada.

Considerando que o Regulamento en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, tratándose, como se desprende do seu contido, dunha norma organizativa dun servizo municipal.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais do concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación:

1.- Modificar o apartado a) do artigo 15 que di:

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIMs contan con tres fontes de financiación:

a) Achegas directas do concello

Que quedará redactado do seguinte xeito:

Artigo 15º. Fontes de financiamento

As EIMs contan con tres fontes de financiación:

a) Fondos propios do concello ou achegas directas do concello

2.- Modificar o artigo 19 incorporando dous novos apartados. A redacción actual que di:

Artigo 19º. Persoal dos centros

a) Dirección de centro

b) Persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo

c) Persoal de servizos

Quedará redactada do seguinte xeito:

Artigo 19º. Persoal dos centros

a) Dirección de centro

b) Persoal de atención e persoal de apoio, denominado no seu conxunto persoal educativo

- c) Persoal de servizos*
- d) Persoal de apoio administrativo*
- e) Persoal de coordinación entre centros*

O resto do artigo 19º non sufrirá modificación na súa redacción

3.- Modificar o Capítulo IX que contén un único artigo, o 26, que se mantén, procedéndose a modificar o nome do capítulo e a engadir un novo artigo, o 27. A redacción actual do Capítulo IX que di:

CAPÍTULO IX

A EMPRESA XESTORA

Artigo 26º. A empresa xestora

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:

- 1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.*
- 2. Dar as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.*

Quedaré redactado do seguinte xeito:

CAPÍTULO IX

XESTIÓN DAS EIMs

Artigo 26º. Xestión mediante empresa privada

A empresa que xestione as EIMs de Teo, debe facilitar o cumprimento deste Regulamento, en especial:



- 1. Promoverá unha organización de persoal que posibilite os traballos vinculados a organización, elaboración de documentos e planificación.*
- 2. Dará as instrucións precisas para que as reunións con pais e nais, dos respectivos órganos de participación e de organización interna se realicen, e se teña en conta este tempo como tempo de traballo efectivo, establecendo unha carga de traballo congruente con estas obrigas.*

Artigo 27º. Xestión municipal directa

- 1. No caso de xestión municipal directa, esta correspóndelle á concellería que teña adscrita a competencia das mesmas. A xestión implica o control orzamentario, compras, emisión de recibos mensuais polos servizos prestados e a xestión de persoal, e todas aquelas funcións necesarias para o seu normal funcionamento.*
- 2. Esta concellería determinará a organización, estrutura e funcións do persoal e dos servizos das mesmas, dentro da normativa legal vixente. Organizará os horarios do persoal para garantir a atención segundo as ratios establecidas legalmente.*
- 3. O persoal municipal deberá facilitar o cumprimento deste regulamento, e facilitará unha organización do persoal que posibilite os traballos de planificación e elaboración de documentos, así como as reunións con pais e nais e a asistencia aos órganos de participación e organización interna.*

Segundo - Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.



CONCELLO
DE **TEO**
Alcaldía

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada lei.

Teo, 13 de xullo de 2018

O alcalde,



Rafael G. Sisto Edreira

